

NOTAS PARA A HISTORIA DE TRIVES

Olga Gallego Domínguez

INTRODUCCIÓN

Ainda que algúns apuntan a etimoloxía de Triviis, como confluencia de tres vías, o que de ningún xeito pode demostrarse, segundo opinión máis común, responde máis ben a un Tiburis, pois aquí achábase a tribu dos Tiburos de que nos falan os escritores clásicos Plinio, Estrabón e Ptolomeo, Mela e o *Parrochiale Suevicum*.

Capital dos tiburos foi, segundo Ptolomeo, Nemetóbriga, que uns sitúan en Mendoia e outros, con máis probabilidade, en Trives vello.

1. AS "TERRAS"

A terra de Trives configurouse ó longo dos séculos sobre un substrato prehistórico que nos deixou numerosas pegadas aínda hoxe visibles e os romanos engadíronlle a Vía Nova ou XVIII do Itinerario de Antonino que unía Braga con Astorga, con todo o movemento que esto supón de paso de tropas, mercadores, viaxeiros, etc., e moimentos como as pontes do Navea e do Bibeí, miliarios e aras. Mais o Trives da Idade Media e do Antigo Rexime desenvolveu a súa vida arredor da Ribeira Sacra, dende a alta idade Media, da Encomenda e señorío de Queiroga, pertencente a Orde Militar do Hospital ou de San Xoán de Xerusalén, dende o século XII, e da Casa dos Condes de Lemos, antes Castros e Osorios, señores de Trives, Caldelas e de Monforte de Lemos, capital dos seus estados, a partir da baixa idade media, e da Casa dos Condes de Ribadavia, señores de Manzaneda e Valdeorras, dende comezo do XVI. Tamén xugou un relevante papel na comarca a fidalguía medianeira e, sobor de todo, os peiteiros da comarca.

Este mundo desmoronouse ó longo do século XIX, nun proceso de democratización imparable acelerado polas Cortes de Cádiz, coa desaparición dos señoríos xurisdiccionais, a desamortización eclesiástica e as desvinculacións dos morgados, a desaparición da monarquía absoluta e a implantación do liberalismo.

1.1. A “TERRA” DE TRIVES NA ALTA IDADE MEDIA

Na Alta Idade Media, Trives era unha “terra” na diocese de Astorga, entendendo por terra unha circunscrición territorial ó fronte da cal atopábase un tenente, comes ou dux, e constituía unha unidade política señorial con funcións varias nas que primaban as militares. Estas terras están documentadas dende o século IX ó XVI, en que son substituídas polas xurisdiccións.

A delimitación das terras e a súa evolución é moi difícil de determinar¹, posto que o longo do tempo sufriron agregacións e separacións non ben coñecidas.

A terra de Trives andou sempre moi relacionada coa terra de Caldelas e, algunhas veces, coas de Robreda e Manzaneda.

Alfonso XI donou en 23 de marzo de 1326 a D. Pedro Fernández de Castro o lugar do “Burgo de Caldelas con toda la tierra de Caldelas y la Puebla de Baldiorres con su alfoz, según la tenía el Infante D. Felipe, su tío, y los Berosmos, en tierra de Lemos, con la justicia y señorío y la jurisdicción ordinaria”².

Mais a terra de Trives pasou pronto, probablemente á morte do Infante D. Felipe, ós Condes de Lemos, ó igual que Manzaneda, sobre o ano 1328. En 1362, Manzaneda estaba xa murada e tiña fortaleza.

1.2. AS XURISDICCIONS DENDE A BAIXA IDADE MEDIA ATA O S. XIX

Mentras que Caldelas e Trives permaneceron na casa de Lemos ata o século XIX, Manzaneda, a comezo do XVI, pasou ós Sarmiento por vía matrimonial (D. Bernardino Pérez Sarmiento casou con D^a María Pimentel,

1. Gallego Domínguez, Olga. *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*. Ourense. Museo Arqueológico Provincial. 1988, p.36.

2. García Tato, Isidro. *Valdeorras de cara al año 2000*. O Barco de Valdeorras. Instituto de Estudios Valdeorreses. 1996, I, 199.

filla de D^a Juana de Castro e de D. Juan Pimentel). Aínda en 1508, D^a Juana de Castro, viuva de D. Juan Pimentel, deu ó Conde de Benavente a administración e encomenda das vilas de Valdeorras, Manzaneda e Trives³.

Na baixa idade media a antiga terra de Trives fragmentouse en varios señoríos e xurisdiccións: Trives, dos Condes de Lemos; Sobrado de Trives, das monxas bieitas; Navea e Montefurado, de sendas ramas dos Quiroga; S. Xoán do Río, tardíamente, do Marqués de Castelar; Manzaneda, como xa vimos, dos Condes de Ribadavia; e Vila de Cova, segregada de Sobrado de Trives e adquirida por tanteo polos seus veciños en 1584⁴.

A antiga xurisdicción de Trives, segundo o Catastro de Ensenada, a mediados do XVIII⁵, comprendía a Vila da Pobra, as parroquias de Piñeiro, Barrio, Xunqueira, Sta. María de Trives, S. Mamede, S. Antonio de Pareizás, S. Nicolás do Castro, S. Lorenzo, Sta. María de Vilanova, Couto de Pontenova, S. Vréliximo, Couto de Casteligo, Couto de Bretelo e Couto de Paradaseca.

As catro derradeiras poboacións eran de señorío compartido do abade de S. Vréliximo e dos Condes de Lemos.

O panorama económico, social e político da xurisdicción énos coñecida a mediados do XVIII polo Catastro de Ensenada. Segundo este, a xurisdicción tiña as seguintes especies de terras:

–*Cortiñas* de regadío e de secano(as de regadío só na Pobra, Piñeiro, Castro e S. Lorenzo; as segundas en todas partes, agás Pontenova). Producían dous froitos ó ano: liño e fabas/trigo ou nabos, ferraña, agás Bretelo, Casteligo e Paradaseca, que só producían nabos e ferraña, por ser terra moi montañosa.

–*Labradío* secano, que producía centeo cada dous anos.

–*Prados* de regadío e secano, que producen herba e pastos, agás en Pontenova.

–*Hortas* de regadío só en Piñeiro; e de secano en todas partes agás en Pontenova.

–*Soutos* de castaños en todas partes, salvo nos coutos de Pontenova, Casteligo e Bretelo.

3. AHN. Osuna. leg. 516, nº 4.

4. Gallego. *La organización*.

5. AHPOR. CE. I. da Pobra de Trives. Libro 2826.

–*Carballeiras* que producen unha corta de leña cada oito anos, en todas partes, agás, S. Breixo, Castro e os coutos de Pontenova, Casteligo e Bretelo.

–*Tapadas* que producen centeo cada oito anos, salvo en Piñeiro, S. Breixo e Pontenova.

–*Montes* incultos salvo na vila, Pareisás e Pontenova.

–*Viñas* só en Piñeiro, Barrio, S. Breixo e Pontenova.

–*Oliveiras* só en Pontenova.

As árbores están dispersos e só hai froiteiras nos hortos.

Hai algunhas colmeas, eguas, cerdos, ovellas, cordeiros, cabras, bois e vacas dos veciños, pero non comercio deles.

A *poboación* da xurisdicción de Trives, de 554 veciños, era inferior a un tercio da que tiña a xurisdicción de Caldelas na mesma data, que era de 1.787 veciños⁶.

O número de *casas* era case que o mesmo de veciños máis ou menos⁷.

Contaba con 72 pobres⁸.

Os *curas* das parroquias da xurisdicción eran: 1 presbítero na Vila; en S. Breixo, un cura e un capelán; en Xunqueira, S. Lorenzo, Bretelo e Casteligo, 1 presbítero en cada unha; en Barrio, Piñeiro e S. Mamede un cura en cada unha e na derradeira outro presbítero.

Percibían os *dezmos* de S. Breixo e Barrio os respectivos párrocos; en Trives, Castro e Piñeiro, o cura de Piñeiro e a metade dos correspondentes ó término da vila da Pobra tocando a outra metade á sinecura que percibía D. José Valenzuela, v^o de Ourense; en Vilanova, Pareizás, Xunqueira, S. Lorenzo e S. Mamede, o cura desta última; nos coutos de Casteligo, Bretelo e Paradaseca, o cura de S. Bréixome; en Pontenova, o cura de S. Miguel de Navea.

6. Pobra, 66 veciños; Piñeiro 62; Barrio 67; Xunqueira, 43; Trives, 25; S. Mamede, 38; Pareizás, 32; Castro, 56; S. Lorenzo, 39; Vilanova, 34; Pontenova, 6; S. Breixo, 28; Casteligo 20; Bretelo 9; Paradaseca, 29.

7. Había 4 casas arruinadas na Vila; en S. Breixo, 3; en Castro, 6 en Vilanova, 8; en Pareisás, 5; en Xunqueira, 2; en S. Lorenzo, 6; en S. Mamede, 8; en Trives, 3; en Barrio, 10; en Piñeiro, 4; en Pontenova 1; en Casteligo 1 e en Paradaseca, 2.

8. 10 en Barrio; 8 en Piñeiro; 7 en S. Mamede; 6 na Vila, no Castro e S. Breixo; 5, en Pareisás; 4 en Trives, Xunqueira e S. Lorenzo; 3 en Vilanova, Casteligo e Paradaseca; 2, en Bretelo; 1 en Pontenova.

Os fregueses dunha parroquia que tiñan facenda en outra, dividían os dezmos con ambos curas.

As *primicias* pagábanas en todas as parroquias, pero a Pobra abonabállas a Piñeiro, o couto de Pontenova a S. Miguel de Navea e o de Bretelo a S. Pedro de Chandrexa.

Non había fornos de pan do común nas parroquias, pero sí moitos *muiños* nos diversos regatos, de unha ou dúas pedras negras, que moían xeralmente só tres meses no ano⁹.

A xurisdicción pagaba por encabezamento a S. M. de centos, sisas e fiel medidor 10.300 reais; por carnes e millóns, 679 reais e 14 mrs.; por servizos ordinario e extraordinario, 1.002 r. (en total, 11.981 r. e 14 mrs.) agás os coutos de Bretelo, Casteligo e Paradaseca que pagaban separadamente.

Pero a xurisdicción gozaba do encabezamento da obriga de vaca, aceite e velas, do cento feiral, marcas, pesos e medidas na Vila e das tabernas da Vila, Piñeiro, Xunqueira, das dúas de Barrio, Pareisás, S. Lorenzo, Vilanova, Castro e Trives, que se arrendaban en 5.600 r. e 5 mrs. ó ano.

A *Vila da Pobra*, capital da xurisdicción, só tiña 66 veciños, fronte o Castro de Caldelas que contaba con 103. A maioría dos veciños eran labregos, figurando só 3 fidalgos e un presbítero con catro criados.

Os veciños nomeaban un rexedor e un procurador xeral.

Pagaban á S. M. de dereitos reais de centos, sisa, fiel medidor, carnes e millóns 540 r. e de servizos ordinarios e extraordinarios 126 r. (en total, 666 r.).

Os gastos do concello eran 200 r. ó escribano, 102 r. ó depositario de papel selado, 600 r. ó que levaba as bulas a Astorga e 100 r. polas veredas que ían da cabeza da provincia.

9. En Sta. María de Trives, en Baquieros, tres, que daban de utilidade 60, 62 e 100 r. cada pedra; outro en Fiscaíño e outro en Pontón (utilidade 90 r. cada pedra); en S. Lorenzo, un muíño en Currás e outro en Porto da Bouza, ambos de unha pedra e 90 r. cada un de utilidade; en S. Nicolás do Castro, un muíño en Touza con auga do río Cabalar, de unha pedra negra e 90 r. de utilidade; en S. Mamede, un muíño en Porto da Bouza, de unha pedra negra e de 60 r. de utilidade, e outro en Navea, de 2 pedras negras, que moe todo o ano e ten de utilidade 300 reais; en Vilanova, un de unha pedra en Ponte Pedraza con auga do río Cabalar que moe tres meses (30 r.) e outro no mesmo sitio, que moe 6 meses (150 r.); en S. Sebastián do Piñeiro, un en Regada de unha pedra con auga do río Fiscaíño (70 r.); en Casteligo, un muíño no Campo da Previsa, de unha pedra, que moe 6 meses (60 r.); en Paradaseca un muíño en Tornes de unha pedra que moe tres meses (30 r.).

Contaba con un cirurxián con 1.100 reais de utilidade, un tendeiro de panos por menor e algo de especiería, ó que se lle calcula unha utilidade de 1.200 reais; un estanqueiro de tabaco (120 r.), un arrendatario do cento feiral (20 r.), un arrendatario dos asentos da feira (40 r.), un abastecedor de carnes (40 r.), un abastecedor de aceite e velas (55 r.), un carniceiro (550 r.), un arrendatario da taberna (50r.), o arrendatario das marcas, pesos e medidas (22 r.), un aguardenteiro (500 r.), dous mesoneiros (120 e 50 r.); 14 panadeiras (60 r. cada unha) e outras 15 (a 25 r.); arrendatario do voto (18 r.); 2 ferradores (un con xornal de 5 r. e outro a 3 r.); 1 ferreiro, (3 r. de xornal); 1 carpinteiro (xornal, 3 r.); 3 sastres (1 a 5 r. e dous a 4 r. de xornal); 6 zapateiros (un a 4 r. e 5, a 3 r. de xornal); ós labregos e xornaleiros valóranlle o xornal a 3 r.;

Había dous *fornos* de pan, un na calle oscura (110 r.) e outro na calle grande (333 r.); tres *muiños*, cada un dunha pedra negra, un na Ladeira, que moía 6 meses ó ano con auga do río Cavalar (92 r.) e dous en Ponte Cavalar, que moían 4 meses ó ano (92 r. cada un).

O día un de cada mes celebrábase a *feira* na Vila, donde non se pagaban outros dereitos que os correspondentes a S. M., agás os que poñían tenda nos *bancos* ou asentos que había arredor da igrexa parroquial, que eran 16 mrs. para a fábrica da igrexa, e que importarían ó ano 300 reais.

A metade do *portazgo* de Pontenavea pertencía derradeiramente á igrexa de Barrio, donde se pagaba un maravedí por cada cabalería cargada, agás as que levaban trigo, centeo e viño, cuio dereito percibíao a Condessa de Lemos e importaba unhos 40 reais ó ano.

2. A RIBEIRA SACRA

Significa a Ribeira Sacra unha cultura relixiosa do cristianismo primitivo da alta idade media, con eremitas que baixo as regras de S. Fructuoso e S. Bieito xuntáronse logo en cenobios polas ribeiras do Sil, do Miño e dos seus afluentes (Bibeí, Camba, Navea)¹⁰. Conformou, por tanto, a vida dos habitantes destas terras e as dos seus arredores.

A penas temos noticias dos mosteiros anteriores ó románico, de algúns pouco máis que os nomes. Chegáronnos tan só referencias dos de S. Clodio, Reboreda e Cariosa (En 956, Ordoño II manda que os monxes de Rebo-

10. Ferro Couselo, Jesús." Monxes e eremitas nas ribeiras do Miño e do Sil". *Bracara Augusta*. XXI, 47-50. 1967.

reda, Trives e Carioca obedezan a Teudemundo, bispo de Astorga (España Sagrada. VIII). Moitos deles foron como lóstregos que se apagaron para sempre.

Dos mosteiros de “haeredes”, tan frecuentes no prerrománico, quedan xa moi poucos no século XII, pois extínguense, escurecen, son absorbidos ou trasformanse en parroquias ante o pulo dos grandes cenobios benedictinos e, máis aun cando, a mediados de dito século, irrompen os monxes de hábito branco da reforma de Claraval que afianzou e espallou San Bernardo.

A terra de Trives contou dende moi cedo con algúns pequenos cenobios que no século XII incorporáronse ó mosteiro de Montederramo (S. Adrián, etc.). De todos eles só perdurou o de Sobrado ata a súa unión ó de Antealtares, en Santiago, a comezo do século XVI.

Outros persisten, aínda que sumidos en brétemas, ó trasformarse en beneficios monásticos e parroquias.

De entre eles sobrancean os seguintes:

—*O Mosteiro de S. Salvador de Sobrado de Trives*

As primeiras noticias que temos deste mosteiro datan do século X, pois existía xa no ano 963 como mosteiro dúplice e probablemente familiar.

No século XII era xa mosteiro de monxas da Orden de San Bieito e acada entón a súa época de esplendor e apoxeo recibindo numerosas donacións e erguendo a monumental igrexa románica.

Alfonso IX concedeulle privilexio de couto monástico en 1228.

En 1512 foi incorporado ó mosteiro de S. Paio de Santiago de Antealtares, convertíndose despois da Desamortización en igrexa parroquial.

Contou con varias igrexas anexas: Cova, Penapetada, Vilar de Queixa e Vilanova, na diocese de Astorga, e Cerdeira e Sta. María de Paredes, na de Ourense, servidos por capeláns postos polo mosteiro.

O seu *patrimonio* era pobre se o comparamos co dos grandes mosteiros. Ós bens dotais uníanse as doacións, non moi cuantiosas. A explicación estaría na abundancia de pequenos mosteiros na comarca e a tupida rede de igrexas parroquiais, moitas de orixe monástico e todas pertencentes e de patronato de familias relevantes, que absorbían e fragmentaban a propiedade eclesiástica da terra, impedindo toda acumulación voluminosa nun só mosteiro.

Posuía forais non só na xurisdicción de Sobrado, senon tamén nas de Trives(Corga, Xunqueira, Mato, Pazo da Freiría, Pacio de S. Mamede, Pacio Francisco, Pareisás, San Lorenzo, Souto do Mato, en Piñeiro, etc.), Manzaneda, Queixa, Caldelas e Valdeorras¹¹.

—*O Mosteiro de Montederramo* parece ter o seu orixe nos eremitas que se estenderon polas ribeiras do río Mao, despois da actividade de S. Martín Dumiense no século VI. Estes anacoretas reuníronse na primeira metade do século X para formar un cenobio de vida comunitaria que perdurou ata mediado o século XII en Seoane Vello, baixo a advocación de San Xoán, seguindo a orde benedictina.

Mais, en 1142, Alfonso VII pídelles ó seu parente San Bernardo monxes de Claraval para implantar a reforma cisterciense. A Montederramo chega entón o abade Pelagio con tres monxes que erguen o novo mosteiro de Sta. María de Montederramo nun novo emprazamento (a unión definitiva ó Císter é de 1153).

Este mosteiro adquire moi cedo un grande pulo polas doacións reais e particulares (en 1168, Fernando II concédelle privilexio de couto a unha serie de herdades que lle foran doadas en Xunqueira, S. Adrián de Ribas de Sil, S. Xoán da Cova e Salcedo) e segue coa incorporación de outros mosteiros próximos (S. Martín do Piñeiro, S. Miguel de Ribas de Sil, en Caldelas, en 1152).

Os seus bens espallanse por Queixa, Vilariño de Conso, Monterrei, S. Xoan de Río, Manzaneda, Caldelas, Rabeda, Sacardebois, Vidueira, etc.

En 1309, Fernando IV concédelle privilexio para nomear xuíz e meiriño no seu couto.

Xa en 1518, Montederramo únese á Congregación de Valladolid co que dende entón será gobernada por abades trienais. Esta época de prosperidade permítelle a construción da nova igrexa e mosteiro a finais do XVI e XVII, e o establecemento do Colexio de Artes e Filosofía en 1582¹².

—*O Mosteiro de S. Clodio do Sil*, xunto ó río Sil, era un mosteiro de haeredes(así chamados porque estaban vinculados á familia dos fundadores).

11. Duro Peña, Emilio. "El monasterio de S. Salvador de Sobrado de Trives". *AL* 41 (1967) 8-86.

12. Cid Rumbao, Alfredo. *Crónica y Guía del Monasterio de Montederramo*. Orense. Ayuntamiento de Montederramo. 1974.

Foi doado en 1154 por Vasco Pérez de Quiroga e a súa dona, Dona Elvira Pérez de Losada, que o recibiran de Alfonso VII, a Raimundo, prior dos cabaleiros de S. Xoán.

Cregos importantes disfrutaron desta abadía (D. Gregorio Díez de Cadórniga, coengo de Ourense, en 1545 ata a súa morte, en 1561, que fundou unha obra pía que chegou ata o século XX. En 1545, dalle poder ó seu irmán Alvaro de Losada, v^o de Calvelo, e a Fernando Pérez, escribano de Ourense, para que poidan ter a vara do xuzgado do mosteiro, administrar xusticia etc.¹³; Pedro Losada y Quiroga, coengo da Igrexa de Jaén, fundador do morgado da Casa do Castro, no Barco de Valdeorras, en 1641 toma en administración a abadía de S. Clodio do Cardeal Borja y Velasco por 820 ducados e 36 perniles de touciño ó ano¹⁴. Este persoaxe acadou unha importante fortuna¹⁵.

Segundo o escritor Gándara¹⁶, este mosteiro era no seu tempo parroquia e o seu abade, señor de 500 vasalos, e valía en renda unhos 2.000 ducados.

Posuía o *couto de Ibedo*, na fregresía de S. Miguel de Montefurado, que tiña aforado ós Losada, alo menos, dende o século XVII (En 1611, era titular Rodrigo de Losada Quiroga¹⁷ e D. Juan Bernardo Quiroga Losada, Uría, Queipo de Llano, Ron Ponce de León, vocal da Xunta Superior do Reino de Galicia e Diputado pola provincia de Ourense nas Cortes de Cádiz, irmán do abade de S. Xulián de Casoio, comandante en xefe do paisanaxe de Valdeorras na guerra da Independencia, pertencía a esta casa).

—O *Mosteiro de Santa María de Torbeo*, que aínda conserva a súa fermosa igrexa románica estudada por José Ramón y Fernández Oxea¹⁸. Como mosteiro de haeredes, a presentación de abade dependía de numerosas ramas das familias dos Quirogas, Losadas, Sampaños, Vázquez, etc. cuíos dereitos foron cedidos a fins do século XVI e XVII ós condes de Lemos.

13. AHPOR. Protocolo de Jácome Gómez. 1545, f. 18.

14. AHPOR. Protocolo de Pedro Ares de Prado. 1641, f. 97.

15. Escribiu sobre el López Caneda, R. "El mayorazgo Losada en villa de Castro de Valdeorras(Orense) y su fundador el Doctor Don Pedro de Losada y Quiroga. 1655". *IVª Semana de Historia de Valdeorras (Epoca moderna)*. O Barco de Valdeorras. 1992, 65-140.

16. Gándara, Felipe de la. *Armas y Trivnfos hechos heroicos de los hijos de Galicia*. Madrid. 1662, I, 175-185.

17. AHPOR. Protocolo de Pedro de Lemos. 1611, f. 59.

18. "La iglesia románica de Torbeo". *Archivo Español de Arte*, nº 72. Madrid. 1945.

A mediados do s. XVIII, segundo o Catastro de Ensenada, a fregresía de Sta. María de Torbeo, de 168 veciños dos que 32 eran pobres, era xurisdicción do cura da abadía no civil e dos Condes de Lemos no criminal e non percibían señorío algún. Tiña 158 casas habitables incluíndo a cárcere, e 56 solares. O abade pagaba ós Condes o patronato, consistente en 36 cuartas de viño, e 12 reais de xantar ó bispo de Ourense. O abade posuía moitos foros, entre eles o da barca de Torbeo¹⁹.

—En terra de Caldelas estaba a *Abadía de San Paio de Aveleda*, que ten o seu orixe na doación de Alfonso VII, en 1128, ós irmáns Sancho e García González. No século XVI, extinguida a vida monástica, vémosto convertido en un rico beneficio monasterial, de cuíos cuantiosos bens disfrutaron pola presentación da Casa de Lemos destacados cregos, como Juan de Noboa Villamarín, arcediago de Baroncalle, de 1573 a 1575, quen morreu en 1593 sendo tesoreiro da Catedral de Sevilla; en 1586, seu sobriño Suero de Villamarín, que a levaba aínda a súa morte en 1601 (Ambolos dous eran irmáns de sendos señores de Villamarín), e D. Rodrigo de Castro, fundador do Colexio dos Xexuitas de Monforte e arzobispo de Sevilla.

Do antigo mosteiro queda a igrexa con unha fermosa portada románica²⁰.

—*Posesións dos mosteiros na xurisdicción de Trives*

A mediados do XVIII, percibían rendas de forais na xurisdicción de Trives os mosteiros de Montederramo, S. Paio de Santiago (polo de Sobrado de Trives), o de Santa Clara de Allariz, S. Vicente de Carracedo, a abadía de S. Xoán de Camba, a de S. Vreiximo de Trives, a de S. Paio de Aveleda e o Cabido de Astorga (por imposición).

Montederramo tiña en S. Pedro de Xunqueira o foral das Airas, consistente en 1 cuarto de trigo 1 ferrado e media maquila de centeo e 28 mrs.; en Sta. María de Trives o foro de Fiscaño, de 12'5 tegas de centeo e 2 reais; en S. Nicolás do Castro o foral do Castro, de 2'5 feerrados de centeo.

O mosteiro de *S. Paio de Santiago*, en S. Lorenzo de Trives, o foral da Granxa de Paciofrancisco, de 5 ferrados de centeo, que lle pagaba D. José Gregorio de Losada e consortes; na fregresía de Vilanova, o foral de Pedrei-

19. AHPOR. Protocolo de Juan Alonso. 1671, f. 107.

20. Ferro Couselo, Jesús. "La iglesia monasterio de San Payo de Aveleda". *Fin de Semana*, 1º de diciembre de 1962. Orense. Imp. La Región.

ra e Edreras, de 60 ferrados de centeo, o foro da Cabana e Pontepedriña, de 8 ferrados de centeo, e do foral de Rebolaoa e Cabana, 8 ferrados de centeo; outras 7 maquilas de centeo; en Sta. María de Trives polo foro da Eiroa, 30 tegas de centeo e, en S. Nicolás do Castro, o foral do Castro, de 38 ferrados de centeo, e o foral de Cotaróns, de 30 ferrados de centeo e outras pequenas partidas.

O mosteiro de *Sta. Clara de Allariz*, en S. Pedro de Xunqueira, o foral das Raposeiras, de 2 ferrados de centeo e 20 mrs.; en Sta. María de Villanueva, o foral da Pereira de 7'5 maquilas de centeo. Tamén percibía rendas en S. Mamede de Trives.

O mosteiro de *Carracedo* percibía en Sta. María de Villanueva, polo foro de S. Vicencio, 34 reais.

A abadía de *S. Xoán de Camba*, en Sta. María de Trives tiña o foral de Trives, de 18 almudes de trigo, 15 de centeo e 6'5 reais e polo foro de S. Salvador 6 almudes de trigo, 36 de centeo, 1 carneiro e 17 maravedís.

A súa vez, o *Cabido de Astorga* percibía en Pareisás o foral dos Pérez, de 4 tegas de trigo, 6 de centeo e 2 galiñas, levando o arrendador 12 reais; en S. Mamede de Trives, o arcediogo de Robreda por pensión imposta, 29 ferrados de centeo; en S. Xoán de Barrio percibía tamén rendas pois o arrendador delas percibía 20 reais.

3. AS ORDES MILITARES

As Ordes Militares eran outro dos poderes máis influentes nesta terra dende mediados do século XII. As Ordes eran a xeito de irmandades de cabaleiros con finalidade relixiosa e militar de combatir ó infiel e protexer ós peregrinos que ían a Xerusalén e a Santiago.

As Ordes dos Hospitalarios e Templarios aparecen no occidente peninsular en 1147, cando Alfonso VII lle da a vila de Calatrava. Pronto xurden as españolas de Calatrava, Santiago e Alcántara. Todas elas desempeñaron un papel importante na Reconquista, especialmente en Castela, e na repoboación de novos territorios.

Moi cedo se fixeron con señoríos e riquezas en pago dos servicios á Coroa e polas doacións dos devotos. Os lugares e encomendas eran dados ós seus cabaleiros para que os defendesen e gozasen das súas rendas

Estaban exentos da xurisdicción dos bispos e dependían directamente dos Maestres. Os Reis Católicos para rematar co perigo que supoñían o poderío e riqueza das Ordes incorporaron os maestrazgos das Ordes a

Coroa. A vinculación foi recoñecida en 1523 por Adriano VI. Dende entón, as Ordes, privadas da súa independencia política, decaen rápidamente, aínda que conservan algún tempo privilexios e sinaladas riquezas ata que a desamortización e as tendencias centralizadoras do XIX reduxeron as Ordes á corporacións honoríficas. O carácter eclesiásticos das encomendas das Ordes Militares quedara desvirtuado dende que se convertiron en patrimonio da Coroa que as utilizaron para recompensar servicios ó Estado.

Os seus señoríos foron dos máis benignos e os mellor administrados, favorecidos pola vixiancia que exercía o Consello das Ordes co as súas visitas e polo carácter non hereditario das encomendas.

A Ordes do Temple e, sobre todo, a do Hospital labraron un importante patrimonio na comarca de Queiroga, Valdeorras e de Trives, a beira do río Sil. Mais, en 1312, é suprimida a Orde do Temple e unha bula de Juan XXII, de 10 de xuño de 1317, confirmada en 1319 por un privilexio de Afonso XI, dispón que todos os bens dos Templarios pasen á mans dos Hospitalarios. En Castela, polas turbulencias ocorridas á morte de Fernando IV (1312), apoderárose dos bens dos Templarios os ricos homes e os cabaleiros de Calatrava e Uclés, polo que os hospitalarios vense obrigados a recatalos das mans dos que se apoderaran deles e con esos intrusos houberon de preitexar dende 1320 os Hospitalarios, que eran os lexítimos herdeiros

3.1. A ORDE DE SAN XOÁN DE XERUSALÉN OU DO HOSPITAL

Chamados tamén *Sanxoanistas* ou *Hospitalarios*, tivo como principal misión en España, ademáis da loita contra o infiel, a protección dos peregrinos a Compostela, espallando hospitais polas principais roitas xacobeas²¹.

A liberalidade dos monarcas e as doacións piadosas privadas dotaron, pois, á Orden de cuantiosos bens agrupados en prioratos e encomendas, cuia sede estaba, ordinariamente, alí donde radicaban as súas máis importantes fundacións hospitalarias. Deste xeito a Orde do Hospital faise con sete encomendas en Galicia (Portomarín, Incio, Queiroga, Beade, Ribadavia, Osoño, Mourentán e Pazos de Arenteiro, antes da Orde do Santo Sepulcro), unha das máis importantes das cales era a de Queiroga, no noreste da antiga provincia de Ourense (hoxe na de Lugo).

A partir do século XVI, ó decaer as peregrinacións a Santiago os fins piadosos das súas fundacións foron perdendo vigor e as encomendas deten-

21. Llorca et alí. *Historia de la Iglesia Católica*. Madrid. 1967, III, 49.

tadas por cabaleiros que non tiñan outra misión que administrar e cobrar as rendas rematan coa lexislación desamortizadora do século XIX e os seus bens foron postos en venda polo R. D. do 1-V-1848.

As xurisdiccións exentas, pola contra, non foron suprimidas ata 1874.

A. *Encomenda de Queiroga*

Esta encomenda, gobernada polo Comendador do mesmo nome dende o seu castelo dos Novais (Queiroga), do que aínda se conservan as ruínas, posuía bens e dereitos non só na xurisdicción de Quiroga, senon tamén por terras de Trives e nos seus arredores, o couto de Peites (A. de Ribas de Sil. Lugo), que levaban en foro os Valcarce de Ríocigüeño; o couto de Larouco; o couto de Ibil (F^a de S. Xulián de Pradomao. A. de Parada do Sil), que levaba en foro D^a María de Quiroga e consortes a mediados do XVIII²²; o couto de S. Lourenzo (f^a de S. Lorenzo de Barxacoba. A. de Ribas de Sil), a Granxa da Freiría, na fregresía de S. Xoán do Barrio, o couto de Navea, de D. Juan Francisco Losada, no que a Orde posuía a ermida de Nosa Señora de Ponte Navea, na xurisdicción do Conde de Lemos, pero dependente da Orde no espiritual pois era visitada polo Vicario Xeral da Encomenda de Queiroga²³.

Segundo os apeos realizados nos anos 1597 e 1598 polo Comendador D. Juan de Monsalve, comprendía a Encomenda de Queiroga 22 Partidos con foros e bens en Soutordei, Figueiredo, Peites, Larouco, Alberguería, Viana, Volo, Manzaneda, S. Miguel de Montefurado, S. Clodio de Riba do Sil, etc.²⁴

Existen libros de apeos no AHN, aínda non estudados, dos anos 1658, 1688 e 1714, que, sen dúbida, permitirán coñecer o volumen do patrimonio da Orden en Trives.

As rendas da Encomenda de Quiroga, en 1845, ascendían a 43. 927 reais, ocupando o segundo lugar despois das de Portomarín, que chegaban

22. CE libro 2697-8.

23. En 1698, contaba con un altar maior de Nosa Señora da Encarnación e dous altares colaterais coas imaxes do Arcanxo S. Miguel e S. Bieito, nun e no outro, as de Sta. Catalina e S. Blas. Tiña cáliz, patena, dúas casullas vellas, dúas albas, campá e campanario. Diante da ermida, o cabido cuberto con unha mesa de pedra na que se dicía misa coa imaxe da Virxe. Tamén tiña unha casa de sobrado coa escada de pedra trala ermida, casas, unha das cales fora paneira e naquel intre facía de taberna, e hortas. AHPOR. Clero. Ordes Militares. Libro 198, f. 47 vº.

24. AHN. Ordes Militares. Caixas 7572-3.

a 64. 148 reais²⁵. Os forais da Orde no partido de Trives anunciáronse en venda en pública subasta por un total de 46.161 reais (BOPO. n^a 117, 29 sep.), o que da idea da importancia do patrimonio desamortizado.

As primeiras noticias que temos da presenza dos hospitalarios en *S. Xoán do Barrio* datan do ano 1228, cando Alfonso IX lle cambia á Orde do Hospital esta igrexa con todos seus dereitos e pertencias pola igrexa que lle dera na poboación que fixera en Triacastela nova. Entre os confirmantes do troco figura o bispo de Ourense D. Lorenzo²⁶.

Moi cedo expándense pola comarca de Trives e outras aledañas.

Segundo o Catastro de Ensenada, a mediados do XVIII, a Encomenda de Quiroga percibía rendas forais nas fregresías de S. Pedro de Xunqueira, a cuio arrendatario calcúlanlle 64 reais de ganancia; S. Xoán de Barrio, 90 r.; Sta. María de Trives, 100 r.; e S. Sebastián de Piñeiro, 116 r., sendo, por tanto, a maior tributaria a de Piñeiro, seguida de Sta. María de Trives²⁷.

—Na mesma data, a Encomenda de Quiroga percibía na fregresía de *S. Xoán do Barrio* os forais do Campelo, de 18 almudes de trigo, 6 de centeo e 1 carneiro ó ano; o Foral das Pedras Blancas, de 15 almudes de centeo, 1 carneiro e 1 galiña; o Foral de Carrancoba, de 25 almudes de centeo, 14 de trigo, 2 galiñas e 30 mrs.; o Foral de Chao da Ponte, de 21 almudes de centeo, 1 carneiro e 3 reais; e o foral da Hermida da Ponte, de 2 galiñas e 1 real (32 almudes de trigo, 67 de centeo, 3 carneiros, 5 galiñas e 4 r. e 30 mrs.) Ademais, o foro da Freiría, consistente en 95 ferrados e 4'5 maquilas de centeo, 5 ferrados e 0'5 maquilas de trigo e 8r. e 2 mrs²⁸.

O abade de Barrio levaba os *dezmos* dos froitos da fregresía (viño, castañas, liño, trigo, centeo, la e cordeiros) que serían unhos 3.000 reais. As igrexas de Piñeiro, S. Mamede tiñan os medios dezmos do viño dos veciños que tiñan bens na fregresía de Barrio.

A abadía tiña un terreo de secano en Cobelo, de 1 maquila, e un souto de castaños en Cubelo, de 3 ferrados, que eran de foro da Encomenda de

25. AHN. Hacienda. Leg. 2562, citado por García Tato. Obr. cit., t. II, p. 65.

26. González, Julio. *Alfonso IX*. Madrid. C S I C. 1944, t. II, n^o 521 e AHN. Orde de S. Xoán. Leg. 1, n^o 9.

27. Por certo, o libro Real de Eclesiásticos do Catastro desta fregresía consigna só como forais da Encomenda o foro de Villaprimera, de 4 almudes de trigo, 54 de centeo e 2 galiñas e polo foro do Outeiro, 2 almudes de trigo, 60 de centeo, unha galiña e medio e 1 real e 60 maravedís.

28. AHPOR. CE. RL de S. Xoán de Barrio. Libro 698, f. 767.

Quiroga, a que lle pagaba 2 ferrados e 3 cuartas de trigo e 1 ferrado de centeo ó ano.

A fábrica da igrexa ingresaba de *primicia* 12 ferrados de centeo e 18 cuartas de viño e a Marquesa de Castelar pagáballe 16 ferrados de centeo pola dotación de sepulturas con que estaban gravados certos bens na parroquia.

Pagáballe ó arcedianato de Astorga 8 cuartas de viño, 11 tegas de centeo e 170 mrs.

Nesta parroquia posuían tamén forais o mosteiro de *S. Paio de Santiago* (polo de Sobrado) que cobraba na parroquia o foral do casar de Vilanova, de 80 tegas de centeo, que lle abonaba a Marquesa de Castelar, e o foral do marqués do Corral, de 4 tegas de trigo, 22 de centeo e 10 reais; o mosteiro de *Montederramo* disfrutaba do foral da Cabana do Home e Carrancoba, de 60 reais; a abadía de *S. Xoán de Camba* percibía o foral do Castro, de 18 almudes de centeo, 12 de trigo, 1 carneiro e medio real.; por último, D. Juan Alonso de Losada, vº de S. Juan de Pol, en Lemos, polos bens que tiña en Barrio, levaba de foro 6 ferrados de trigo, 4 de centeo e 1 real.

Este elenco de foros demostra que a terra da parroquia estaba en mans, practicamente, da Encomenda de Queiroga e dos mosteiros²⁹.

—Moi unida a esta fregresía estaba a de *San Bréximo*, cuio orixe quere verse nun antigo cenobio transformado en simple parroquia. Era unha abadía moi rica e mantivo a xurisdicción compartida cos condes de Lemos ata comezo do século XIX o que daba ocasión a moitos conflitos.

No ano 1561 e 1566 a Chancillería de Valladolid deu sentencias favorables ó abade D. Antonio de Villegas no preito coa Condessa de Lemos pola xurisdicción que tiña a abadía e o vasalaxe na fregresía de S. Vréiximo, Casteligo e San Mamede e outros lugares³⁰.

No ano 1644 firman unha concordia en razón da xurisdicción D. Francisco Fernandez de Castro Conde de Lemos, representado polo Capitán Juan Feijóo de Araújo, meiriño da xurisdicción de Trives, e o Lcdo. Antonio de Araujo Feijóo y Losada, seu fillo e rexedor da Coruña, alcaide e mei-

29. AHPOR. Catastro de Ensenada. R E de San Xoán de Barrio. Libro 2829.

30. AHPOR. Protocolo de Felipe de Losada Sotomayor. 1726, f. 59. Inventario do abade D. Antonio Miranda, no que figura unha executoria de Valladolid.

riño de Miraflores, axente do Conde na R. Audiencia de Galicia, co Lcdo. D. Mauro de Losada, abade de S. Vreixo.

Por ela o abade podería nomear alguacil para executar os autos do alcalde e ser coteiro das viñas. En canto ás apelacións gardaríase a carta executoria que tiña a abadía da Chancillería e nas causas criminais serían privativas as apelacións das sentencias que dise o xuíz nomeado polo abade ó xuíz do Conde en Trives.

O abade podería nomear escribano e o alcalde da abadía non se podería intitular alcalde maior. Por último, en canto a tomar residencias poderíaa tomar cada un ós seus ministros³¹.

A mediados do XVIII, esta abadía percibía de *dezmos* (viño, centeo, trigo, castañas e liño) 300 reais ó ano, aínda que esta cantidade non comprendía o Foral de San Vreiximo, que era da abadía e pola escritura percibía mesturada a renda. Consistía este foral (englobados os dezmos que acadaban 294 reais) en 725 cuartas de viño, 65 ferrados e 1 maquila de trigo, 90'5 ferrados de centeo, 16 ferrados de castañas secas, 102 galiñas, 3 carneiros, 20 ducias de mañizas de palla ou 2 reais por mañiza e 42 reais e 4 mrs. ó ano.

Asemesmo, percibía da Confraría do Santísimo un foro de 2'5 cuartas de trigo, 4 ferrados e 3 cuartas de centeo, 8 mañizas de palla e 15 cuartas e un cuartillo de viño; e da Capela de Nosa Señora da Portería outro foral de 1 tega de trigo e 2 mañizas de palla triga.

A fábrica levaba por *primicias* 8 ferrados de centeo e 7 cuartas de viño ó ano.

Percibían en esta fregresía medios dezmos dos veciños con propiedades en S. Vreiximo as parroquias de S. Xoán de Barrio (140 r.), S. Sebastián de Piñeiro (4 ducados) e S. Mamede (50 r.).

A Capelanía do Stmo. Cristo da Agonía, fundada en S. Xoán do Barrio, tiña o foral da Agonía, consistente en 6 cuartas de viño³².

Esta abadía percibía de dezmos e foros 1.110 r. e 4 mrs., 2 ferrados e 10'5 almudes de trigo, 282'5 ferrados, 1'5 cuartas e 33'5 almudes de centeo, 12 touciños de 12 libras cada un, 12 carneiros, 4 galiñas e 7'5 mañizas de palla.

31. AHPOR. Protocolo de Antonio Fernández. 1644, f. 71.

32. AHPOR. C E. RE de San Vreiximo. Libro 2832.

³³Estaba en posesión, tamén, do patronato da igrexa de S. Miguel de Navea, polo que percibía 16 cuartas de viño e un xantar ou 60 reais por el³⁴, e de outras rendas fora da fregresía.

En 1832, as dúas abadías de S. Vréiximo e do Barrio buscan a anexión: O abade de San Bréiximo, o Dr. D. José de Prado, da poder a D. Ramón Fernández, axente de negocios dos R. Consellos, para que solicite da R. Cámara a unión das fregresías do Barrio e S. Bréiximo, que tiñan unhos 90 veciños entre as dúas e podían ser atendidas por un só párroco. As dúas compuñan unha sóa poboación, divididas so por unha rúa e ó ter os feligreses tamén xuntos seus bens daba lugar a moitos e dilatados preitos polo efecto da confusión e escuridade causada por tal mestidume xa sobre os límites da cabanas dezmatórios pertencentes a cada curato, xa polo goce das regalías de cada parroquia. O bispo de Astorga estaba de acordo e só se esperaba unha vacante que xa se producira³⁵.

B. Encomenda de Pazos de Arenteiro

Descoñecemos a razón pola que esta Encomenda posuía a administración dunha parroquia e seu anexo en Trives, en donde a de Quiroga tiña unha porción de bens. Quizá poidera radicar no orixe das regalías.

A Orde tiña en Trives as igrexas de Sta. María Madalena de Trives e seu anexo de S. Bartolome da Pobra, de administración alternativa coa igrexa de S. Esteban do Piñeiro, dependente da diócese de Astorga, o que deu lugar a abusos que remataron en preitos.

Fálase de visitas de ditas igrexas no ano 1638. En 26 de abril de 1684, son visitadas polo Lcdo. Fr. D. Andrés Blanco de Castro, Prior do Priorato de Cusanca, no nome do Visitador e Gobernador da Encomenda de Pazos, Lcdo. Fr. D. Marcos de Argüello y Jordán, prior de S. Miguel de Albarellos.

33. 440 reais dos dezmos do couto de S. Martín de Casteligo, o foral de Casteligo, de 37 ferrados de centeo, 3 touciños de a 12 libras e 3 carneiros, unha casa e algunha terras; no couto de Brete-lo 120 r. de dezmos e o foral de Bretelo, de 70 ferrados de centeo, 3 touciños de 12 libras e 3 carneiros; no couto de Paradaseca, 550 r. de dezmos e o foral de Paradaseca que comprende todo o couto, de 152 ferrados de centeo, 5 touciños de 12 libras e 5 carneiros. En Sta. María de Trives, o foral de Trives de 15 almudes de centeo e 2 galiñas; En S. Mamede de Trives, o foral de Casteligo, de 10'5 almudes de trigo, 18'5 de centeo, 7'5 ducias de mañizas de palla triga, 1 touciño de 12 libras e un carneiro; en S. Pedro de Xunqueira un foral de 5 ferrados e 1'5 cuartas de centeo, 1 galiña e 4 mrs. En Pareisás, o foral de Pareisás, de 2 ferrados de trigo, 18'5 de centeo e 1 galiña.

34. AHPOR. CE. RE. de Navea. Libro 2845.

35. AHPOR. Protocolo de Pedro María Arias Losada. 1832, f. 67.

O visitador atopou na igrexa da Madalena o altar maior e no seu retablo as imaxes de S. Xoán, Sta. María Madalena, S. Pedro Fiz e S. Xoán Bautista ; a pila bautismal, unha casulla vella, un albaa co demáis preciso para dicir misa, un cáliz e patena , un frontal vello, roto, de badana; unha arca na que se recollían os ornatos. A igrexa tiña seu cabido na porta principal “muy descompuesto”.

Na igrexa anexa de S. Bartolomé había un relicario de prata e dentro unha partícula que consumiu e renovou con outras catro, unha grande e tres pequenas; custodia, pila bautismal, óleo, crismas, dous altares colaterais, todo “con mucha decencia”.

Visitou, tamén, a ermida de S. Bieito da Ponte Bibeí, na mesma fregresía de Sta. María Madalena, na que había a imaxe de S. Bieito e todo con decencia para dicir misa, pero faltosa de portas, polo que dispón que as compoñan³⁶.

E no ano 1726 dependían da Encomenda de Pazos de Arenteiro sendo visitadas polo Visitador Xeneral e xuíz eclesiástico da mentada Encomenda e seus agregados e Prior de S. Cosme de Cusanca, Frey D. Francisco de Pazo y Soto, quen atopou a igrexa de *Sta. María Madalena* “medianamente decente” : a custodia non tiña pechadura nin relicario dentro, as ampolas para o óleo, crisma e unción eran de latón “muy roñosas” , había unha cruz de estano para as procesións, 1 cáliz de prata... un retablo que aínda que non facía moito que se fixera, precisaba reparos, dorado e pintado de pincel, coas imaxes de Sta. María Magdalena no medio e as beiras S. Pedro Fiz e S. Xoán Bautista; unha imaxe de S. Bieito da capela de Ponte Bibeí, xurisdicción de Sobrado. A renda da primicia era de 20 tegas de pan, 7 cuartas de viño e 2 reais.

Na igrexa de *S. Bartolomé* había unha cruz grande de prata, 2 cálices coas súas patenas, un relicario, un viril e ampolas de prata dos santo óleos, todo de prata, casullas, albas, ternos de festa e de difuntos, un palio de damasco de cores con flocos de seda...un retabliño de bulto, unha imaxe de S. Bartolomé e outras imaxes de santos, dous retabliños de dous altares colaterais, en un unha imaxe de Nosa Señora e no outro outras imaxes.

Esta igrexa non tiña renda fixa, só as esmolos e as tablas dos mercados da feira dos días un de cada mes, que lle doaran os veciños.

36. AHPOR. Ordes Militares. Caixa. 9826, nº 97. Visita de las iglesias de Trives, hechas por el Lcdo. Fr. D. Andrés Blanco de Castro 1684.

O visitador non cobrou os seus dereitos “por non haber de que”.

A Encomenda puña un vicario nas dúas igrexas que eran alternativas coa parroquial de S. Estevo na administración de sacramentos, o que daba lugar a desencontros, como o que deu lugar a un preito na diócese de Astorga³⁷.

Hoxe non se conservan estas igrexas; a de S. Bartolomé foi derribada en 1920³⁸.

A mesma Encomenda, a mediados do XVIII, tiña aforados os medios dezmos da Pobra a D.

José Valenzuela Bermúdez, v^o de Ourense, que obtiña 650 r. e pagaballe a Encomenda 96 reais ó ano³⁹.

4. OS CONDES DE LEMOS, SEÑORES XURISDICCIÓNAIS DE TRIVES E CASTRO CALDELAS

Tiveron unha intensa influencia, como é lóxico, pois eran señores xurisdiccionais de ambas demarcacións ata comezo do século XIX, en que desapareceron os señoríos xurisdiccionais.

Nomeaban xuíz ordinario (con unha utilidade anual de 300 r., outros 300 por escribano da S. M. e outros 1.000 por subteniente de inhabiles), escribano do número (utilidade anual 1.700 r.), dous procuradores de causas para toda a xurisdición de Trives (100 r. cada un). A súa vez, o xuíz nomeaba un cabo en cada poboación da xurisdición.

A xurisdición era acumulativa ou a prevención co abade de S. Bréximo, en dita fregresía, e alternativa cos abades en Torbeo e en S. Paio de Avelada, co que os conflitos entre ambos señoríos estaban cantados, como xa vimos ó tratar de S. Vréliximo.

37. Entre 1734 e 1746, D^a Isabel Bermúdez de Castro, viuva de D. José Benito Valenzuela e veciña de S. Pedro de Mende, foreira principal do lugar da vila de Pobra de Trives e dona do Préstamo da Madanela, sostivo no bispado de Astorga preito con D. Roque Valcarce, cura de S. Sebastián de Piñeiro, porque impedía a D. Felipe Benito Vázquez, vicario posto polo Comendador de Pazos de Arenteiro, dicir misa e lle retirara os vasos sagrados e demáis cousas da igrexa da Madanela e levara os libros sacramentais. O Fiscal dello a razón á foreira D^a Isabel.

(AHPOR. Clero. Encomenda de Pazos de Arenteiro. Caixa 9826, n^o 43).

38. PAZ BLANCO, Joaquín. *Trives. Una mirada al pasado (1880-1968)*. O Barco (Orense). Peymar. Artes Gráficas, s. l. 1997.

39. AHPOR. CE. RL de Pobra de Trives. Libro 707.

O abade de S. Breixo nomeaba xuíz ordinario que exercía xurisdicción a prevención coa dos Condes para a súa parroquia e para os seus coutos de Casteligo, Bretelo e Paradaseca.

Os condes tiñan na vila da Pobra unha casa dun alto de 5 por 7 varas, cúa renda calcúlase en 40 reais, e dos forais percibía 75 ferrados de centeo, 17 de trigo e 2'5 r.⁴⁰. Ademais, cobraba de foros de casas da poboación 66 reais.

Estaban en posesión das alcabalas da xurisdicción que chegaban a 360 reais ó ano⁴¹.

Percibían rendas forais en S. Nicolás do Castro (1'5 cuartas de centeo), en Sta. María de Vilanova (3 maquias de centeo) e en S. Mamede de Trives.

Os Condes de Ribadavia tiñan a xurisdicción de Manzaneda dende comezo do XVI, polo que dende entón estará máis unida a Valdeorras da que eran señores ditos condes.

5. A FIDALGUÍA DE TRIVES

Unha serie de *fidalgos* da terra medrarán á custa dos foros que lles proporcionaban os mosteiros (principalmente, Montederramo e Sobrado) e a Orden dos Sanxoanistas e tamén a custa das prebendas obtidas do entorno da nobreza titulada (Condes de Lemos e Ribadavia) e das Ordes Militares.

No seu orixe os foros eran de granxas, como a *Casa do Outeiro*, en Sta. María de Trives, que en 1786, era de D. José de Losada Sotomayor⁴²; a *Granxa de Paciofrancisco*, na fregresía de S. Lorenzo de Trives, que, segundo o Catastro, era foral do mosteiro de S. Paio de Santiago, por Sobrado de Trives, levado por D. José Gregorio de Losada⁴³. En 1619 vivía en ela o capitán Juan Feijóo de Araújo, meiriño de Caldelas e Trives polo Conde de Lemos, casado con María de Losada⁴⁴; a *Granxa de S. Lorenzo*, en 1675, era de D. Rosendo de Losada Feijóo y Caneda⁴⁵; en 1708, D. José Lorenzo de

40. Do foral do Souto, 2 ferrados de centeo; do de Sanguñedo, outros dos ferrados de centeo; do dos Fernández, 11 ferrados de trigo, 44 de centeo e 2'5 reais; do de Rogín, 6 ferrados de trigo e 15 de centeo; do de Arzaya, 6'5 ferrados de centeo; e do de Campo de Ferreiros, 5'5 ferrados de centeo.

41. AHPOR. CE. RL da Pobra. Libro 707 f. 227 v.

42. AHPOR. Protocolo de Gabriel Fernández de la Torre. 1786, f. 177.

43. AHPOR. CE. RE. Libro 2864.

44. AHPOR. Protocolo de Antonio Fernández. 1619, f. 68.

45. AHPOR. Protocolo de Juan Alonso. 1675, f. 654.

Losada Osorio y Buelta era dono das granxas de S. Lorenzo e Paciofrancisco⁴⁶; en 1806, a D. José Losada y Buelta, dono da granxa de S. Lorenzo, dóalle a súa tía D^a Josefa Losada y Buelta, solteira de mais de 50 anos, todos seus bens coa obriga de atendela⁴⁷.

A *Granxa de Paradela*, fregresía de S. Xoán de Barrio, foreira da Orde de S. Xoán, en 1590, estaba nas mans de Alonso López Somoza, casado con D^a Paula de Sotomayor⁴⁸. O seu fillo D. Antonio de Somoza Sotomayor, en 1608, fai o cercado da parede⁴⁹. O seu irmán, D. García de Sotomayor fora oidor da Chancillería de Valladolid⁵⁰; en 1834 era do Conde de San Román⁵¹.

A *Granxa e pazo da Freiría*, na mesma fregresía de Barrio⁵², era o principal foro da Orde de S. Xoán nesta terra.

A casa e *Granxa da Corga* (F^o de S. Sebastián do Piñeiro, en 1742, era de D. Pedro Carlos de Losada y Ulloa⁵³ e, en 1872, de Florentino e Joaquín Losada Casal, fillos de Joaquín Losada y Ozores. O primeiro era abogado en Pobra de Trives e o segundo, comandante de artillaría residente en Cádiz⁵⁴.

Na fregresía de S. Vreiximo a *Casa e Granxa de Lamasdeite*, en 1808, era de D. José Luis de Losada Quiroga, v^o de S. Miguel de Outeiro, en Valdeorras⁵⁵ e a *Granxa do Mato* era, en 1636, de D. Juan de Losada Ribadeneira, casado con D^a Ana de Losada Sarmiento⁵⁶. En 1816, de D. Bernardo María Quiroga, v^o da Pobra de S. Julián⁵⁷.

En S. Mamede de Trives, a *Casa das Cortes*, en 1816, era de D. José Mondelo y Quiroga, v^o do couto de Santa Marta, como marido de D^a Estefanía Rodríguez Crespo⁵⁸.

46. AHPOR. Protocolo de Miguel de Araújo. 1708, f. 10.

47. AHPOR. Protocolo de José Manuel López Quiroga. 1806, f. 80.

48. AHPOR. Protocolo de Blas López. 1590, f. 372.

49. AHPOR. Protocolo de Francisco Feijóo Salgado. 1608, f. 398.

50. AHPOR. Protocolo de Francisco Feijóo Salgado. 1608, f. 391.

51. AHPOR. Protocolo de Pedro María Arias Losada. 1834, f. 10.

52. Gallego Domínguez, Olga e Barriocanal López, Yolanda. *Los Losada de la Granja y Pazo de la Freiría*. Ourense. Museo Arqueológico Provincial. 2000.

53. AHPOR. Protocolo de Benito Domínguez de Lleis. 1742, f. 24.

54. AHPOR. Protocolo de Santiago Aria Losada. 1872, s. f.

55. AHPOR. Protocolo de José Arias de Losada. 1808, f. 7.

56. AHPOR. Protocolo de Antonio Fernández. 1636, f. 375.

57. AHPOR. Protocolo de José Arias de Losada. 1816, f. 22.

58. AHPOR. Protocolo de José Antonio Arias de Losada. 1816 f. 103.

As *Granxas e pazos de Barbeirón e do Cobato*, en Sobrado de Trives, e tantas outras dispersas e en condicións moi precarias (Pena, en Manzane-da, Coto, en S. Payo de Aveleda; etc.).

Como pazos urbanos sobrancean a *Casa Grande de Trives* e o *Pazo do Marqués de Trives*.

Estas son algunhas das moitas granxas e pazos espallados por estas terras, que definen a chamada cultura dos pazos, mal coñecida pola carencia de fontes documentais, polo que é precisa unha urxente esculca sobre as que poideran conservar os descendentes das estirpes asentadas nos pazos, e o seu estudio inmediato.